



## **AULAS NÁUTICAS MEDIOAMBIENTALES PRESENTA O SEU NOVO MONOGRÁFICO NO SALÓN DO LIBRO DE PONTEVEDRA**

**Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2008.** Mañá mércores 30 de xaneiro terá lugar ás 19:00h no Pazo da Cultura de Pontevedra a presentación do libro "**Xeomorfoloxía do litoral galego e formacións costeiras**" publicado pola Asociación Galega de Actividades Náuticas (AGAN) no marco do seu proxecto formativo Aulas Náuticas Medioambientais.

Á presentación acudirán Dña. Luisa Tajés Rama, Directora do proxecto Aulas Náuticas Medioambientais, D. José Manuel Fernández Gómez, directivo de AGAN e D. Xelasio Suárez Santiso, Xerente da Editorial Irindo.

A través de este proxecto, AGAN a través de ANMA fomenta o coñecemento do medio mariño mediante clases teóricas, saídas ao entorno e clases prácticas, sempre dende un punto de vista dinámico e participativo, onde o alumno é o principal protagonista.

Para óptima labor dos formadores de ANMA e os profesores colaboradores, xurdiu a necesidade de crear este completo monográfico que abrangue cinco grandes bloques temáticos: A Terra, Fauna Mariña, Flora Mariña, Actividades Humanas e Contaminación.

Dende o ano 2003 a Asociación impartiu en horario lectivo e non lectivo, contando con persoal moi especializado, o proxecto ANMA en máis de 48 Centros Educativos da Costa da Morte, Ría de Muros, Noia e Arousa Norte chegando a máis de 6.000 alumnos de Educación Infantil e Primaria.

**AGAN** é una asociación sen ánimo de lucro que obra en Galicia dende o ano 2000 con motivo de "difundir, organizar e defender a calidade do Turismo Náutico, protexer e conservar o medio acuático, así como fomentar a cultura marítima entre a poboación xuvenil".